



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIO NÚM. 10 DO 7 DE XULLO DE 2023

PERSOAS ASISTENTES

CONCELLEIROS/AS ELECTOS/AS:

Da. María Lago Lestón

D. Severino Figueiras Lestón

Da. Laura Eiras Rivadeneira

D. Mario Martínez Lago

Da. Caridad González Cerviño

D. Damián Torea García

Da. Sandra Maneiro Pais

Da. María Inés Monteagudo Romero

D. José Vázquez Rama

Da. María del Carmen González García

D. Juan Manuel Martínez Martínez

Da. María Manuela Leis Cambeiro

D. Manuel Lago Álvarez

SECRETARÍA XERAL

D. Mónica Freire Dosil

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as dez horas do día de referencia, reúnense en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da corporación, asistidos pola secretaria do Concello que certifica.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a secretaria declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

ÚNICO. Constitución da nova corporación municipal 2023-2027

A secretaria da corporación dá a benvinda a todos os señores e señoras, concelleiros e concelleiras electas, autoridades e persoal do Concello de Muros, cidadáns, veciños e veciñas e familiares presentes no acto. Sinala que de conformidade co establecido na Lei Orgánica de réxime electoral xeral vaise a proceder á



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

constituición da corporación de Concello de Muros e á elección dunha alcaldesa ou alcalde segundo o artigo 195 da Lei Orgánica de réxime electoral que dispón que as corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se presentase recurso contencioso electoral contra a proclamación dos/as concelleiros/as electos/as, no que se constituirían o cuadrexésimo día posterior ás seleccións, e para isto, deberase constituír unha mesa de idade integrada polos elixidos de maior e menor idade dos presentes no acto, actuará como secretaria a persoa que o sexa da Corporación.

En primeiro lugar, por tanto, dáse cumprimento ao disposto no artigo 195.2 a Lei Orgánica de réxime electoral xeral coa formación da mesa de idade que estará presidida polo concelleiro electo de maior idade e o de menor idade dos presentes e segundo os datos presentados na Secretaría, a mesa queda constituída da seguinte forma, D. Manuel Secundino Lago Álvarez presidente da mesa de idade, D. Mario Martínez Lago vogal e Da. Mónica Freire Dosil secretaria. Roga a D. Manuel Secundino Lago Álvarez que se achegue á mesa presidencial a prestar xuramento e promesa de acatamento á Constitución e de cumprimento desta como norma fundamental do Estado. Un realizado o xuramento, secretaria da corporación dille que pode pasar a presidir a mesa. O presidente da mesa chama a D. Mario Martínez Lago para que preste xuramento ou promesa e así formar parte da mesa de idade.

D. Mario Martínez Lago presta xuramento.

A secretaria da corporación sinala que **quedou constituída a mesa de idade composta por:**

Presidente: D. Manuel Secundino Lago Álvarez

Vogal: D. Mario Martínez Lago

e secretaria: Da. Mónica Freire Dosil

Continúa dicindo que a xunta electoral de zona remitiu ao concello o resultado das eleccións e que a mesa de idade ten que proceder a examinar as credenciais presentadas.

Comprobación pola Mesa de Idade das credenciais, dos DNI e da presentación das declaracións de intereses e bens polos concelleiros/as electos/as. Dáse por realizado dita comprobación.

D. Manuel Secundino Lago Álvarez afirma que comprobadas as credenciais poden proceder ao desenvolvemento da sesión.

Declaración de que a Corporación se atopa constituída se asisten, ao menos, os membros que compoñan a maioría absoluta da mesma (sete concelleiros/as).

A señora secretaria acredita a presenza dos concelleiros electos e sinala que todos presentaron na Secretaría xeral a credencial expedida pola xunta electoral de zona, así como as preceptivas declaracións para inscrición nos rexistros de patrimoniais e no rexistro de actividades, polo que poden tomar validamente posesión do cargo previo xuramento ou promesa do cargo de concelleiro/a e convídase aos/as concelleiros/as electos/as a que expoñan neste acto se lles afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevida.

Así mesmo, comunica que está á disposición de señores concelleiros e señoras concelleiras a acta de arqueo de Corporación, así como inventario de bens, e fai facendo constar que non está actualizado. Tamén advirte dunha posible causa de incompatibilidade no suposto de que chegue a tomar posesión como concelleiro electo D. Damián Torea García constando que ante a posible causa de incompatibilidade optou por tomar posesión como concelleiro polo que solicitou con data de efectos da toma de posesión pasar a situación de excedencia forzosa establecida no artigo 46 de Estatuto de Traballadores.

D. Manuel Secundino Lago Álvarez di que de conformidade co disposto no número oito do artigo 108 da Lei Orgánica 5/1985 de réxime electoral para a toma de posesión e adquisición da plena condición de cargo de



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

concelleiro/a cumprido eses requisitos previos, as persoas candidatas deben xurar ou prometer acatamento á Constitución polo que proceden ao chamamento para que presten xuramento ou promesa dos señores e das concelleiras electas por orde de candidatura, da máis votada á menos, e pola orde da lista electoral.

Da. María Inés Monteagudo Romero presta xuramento como concelleira.

D. José Vázquez Rama presta xuramento como concelleiro.

Da. María del Carmen González García presta xuramento como concelleira.

D. Juan Manuel Martínez Martínez presta xuramento como concelleiro.

Da. María Manuela Leis Cambeiro presta xuramento como concelleira.

Da. María Lago Lestón presta xuramento como concelleira.

D. Severino Figueiras Lestón presta xuramento como concelleiro.

Da. Laura Eiras Rivadeneira presta xuramento como concelleira.

Da. Caridad González Cerviño presta xuramento como concelleira.

D. Damián Torea García presta xuramento como concelleiro.

Da. Sandra Maneiro Pais presta xuramento como concelleira.

O presidente da mesa di que cumprido o trámite precedente de xuramento á Constitución declárase constituída a corporación municipal do Concello de Muros e proceden agora á elección da Alcaldía e indica que a secretaria vai ler o artigo cento noventa e seis da Lei Orgánica 5/1985 de réxime electoral que se establece o procedemento para a elección do alcalde ou da alcaldesa.

A secretaria le o artigo cento noventa e seis que establece que na mesma sesión de constitución da corporación procederase á elección de alcalde ou alcaldesa de acordo co seguinte procedemento:

“(…)

a) Poden ser candidatos todos os Concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.

b) Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros é proclamado electo.

c) Se ningún deles obtén dita maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivese maior número de votos populares no correspondente municipio. En caso de empate resolverase por sorteo.

(…)”

O presidente da mesa sinala que se convida aos/ás concelleiros/as presentes que encabezasen as correspondentes listas que manifesten se manteñen ou retiran a súa candidatura á Alcaldía.

A Sra. Monteagudo Romero di que o Partido Popular mantén a candidatura.

A Sra. Lago Lestón di que o Bloque Nacionalista Galego mantén a súa candidatura.

A Sra. González Cerviño di que o Partido Socialista Galego non mantén a súa candidatura.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

O Sr. Lago Álvarez di que Muros Centrado mantén a súa candidatura.

A secretaria indica que se manteñen as candidaturas de Da. María Inés Monteagudo Romero, de Da. María lago Lestón e de D. Manuel Secundino Lago Álvarez, e continúa dicindo que de acordo co que se sinala no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) as votacións poden ser ordinarias, nominais ou secretas, polo que seguidamente vaise levar a cabo a votación para a elección de alcalde ou alcaldesa e non sendo solicitada por ningunha persoa presente a votación nominal ou secreta dáse paso á ordinaria. Nomea ás persoas candidatas por orde da candidatura máis votada a menos. Sinala que só se pode votar unha vez e se algunha das persoas candidatas obtén maioría absoluta será proclamada alcalde ou alcaldesa previo xuramento do cargo e senón a correspondente lista máis votada.

A secretaria dá inicio á votación que ten o seguinte resultado: candidatura de Da. María Inés Monteagudo Romero, cinco votos a favor; candidatura de Da. María Lago Lestón, sete votos a favor e a candidatura de D. Manuel Secundino Lago Álvarez, un voto a favor.

En consecuencia, obtendo maioría absoluta dos votos emitidos polos membros desta corporación municipal e de conformidade co disposto no artigo 196 b da Lei Orgánica 5/1985 dos réxime electoral xeral proclámase alcaldesa presidenta do Concello de Muros a Da. María lago Lestón que procede a xurar o seu cargo.

O vogal da Mesa de Idade di:

“De acordo co establecido nos artigos 18 do Real Decreto Legislativo 781/1986 e 40.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, requírese a Dona María Lago Lestón proclamado/a Alcalde/sa electa deste Excelentísimo Concello de Muros, para que conorra a prestar xuramento ou promesa.

A Señora alcaldesa pasa a prestar xuramento ou promesa, dando lectura á fórmula establecida, e a continuación fáiselle entrega do bastón de mando pola Mesa de Idade .

E sen máis asuntos que tratar, a sesión remata cando son as dez horas e trinta, e de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria

Documento asinado electronicamente.